

**PROPOSTA DE MELLORA DAS CONDICIÓNS LABORAIS PARA**  
**TRABALLADORES DO MULTIUSOS FONTES DO SAR E O**  
**COMPLEXO DEPORTIVO SANTA ISABEL**

En Santiago de Compostela, a 2 de novembro do 2005, as 23h. encóntranse reunidos dunha parte, Santiago López Cuadrado, convocante de esta reunión, e representando á empresa xestora do Multiusos Fontes do Sar e o Complexo Deportivo Santa Isabel, e doutra os traballadores destas instalacións, que de un total de 56 asisten ...53....

O obxeto desta reunión é propoñer unha mellora das condicións laborais dos traballadores, enténdese esta proposta como complemento do Convenio de Ensinanza Privada Non Reglada, convenio polo que se rexen as condicións laborais nos centros de traballo mencionados.

**A) PROPOSTA ECONÓMICA:**

**RETRIBUCIÓN FIXA:**

- 1º ANO: INCREMENTO DO CONVENIO MÁIS O 2 %
- 2º ANO: INCREMENTO DO CONVENIO MÁIS O 1'5 %
- 3º ANO: INCREMENTO DO CONVENIO MÁIS O 2 %
- 4º ANO: INCREMENTO DO CONVENIO MÁIS O 1'5%
- 5º ANO: INCREMENTO DO CONVENIO MÁIS O 2 %

Estas cantidades consolidarán no remate deste periodo

**RETRIBUCIÓN VARIABLE:**


Unha paga de beneficios a distribuír entre a plantilla (excluídos o xerente, o adxunto á xerencia) sempre que se acaden os seguintes abonados pagadores de media mensual.

6.850 abonados de media

20.000 euros anuais, (máis IPC anual)

6.900 abonados de media

28.000 euros anuais, (máis IPC anual)



O pago desta cantidade farese entre o 1 e o 4 de xaneiro do ano vencido, e o cómputo realizarase exclusivamente mediante as domiciliacións bancarias.

Desta retribución quedarán excluídos os traballadores que cobran por horas, e manterase sempre que as funcións realizadas a día de hoxe se correspondan coas categorías profesionais actuais.

## **B) MELLORAS SOCIAIS**

### **BAIXAS LABORAIS**

Os traballadores que causen baixa por accidente laboral, enfermidade laboral, ou enfermidade común percibirán o 100% das súas retribucións mensuais desde o primeiro día de baixa.



Esta cobertura terá vixencia sempre e cando non se supere o 5% de absentismo total das horas contratadas pola empresa.

Non se terán en conta neste cómputo as I.T. derivadas de maternidade ou accidente laboral.

A avaliación das baixas farase por periodos mensuais.

### **EXCEDENCIA**

A excedencia que se lle concederá aos traballadores será de un máximo de 2 meses, cun preaviso á empresa de quince días, véndose interrompida durante este periodo a relación laboral.



Two large, handwritten signatures are located in the bottom right corner of the page. The top signature is very large and stylized, while the bottom one is smaller and more legible.

### **C) POLÍTICA LABORAL**

Compromiso de contratación da bolsa de traballo de personal temporal que xa prestara servicios na empresa, ata o día de hoxe. As condicións de horario, xornada, clases impartidas, e condicións laborais en xeral, non terán por que ser as mesmas que nos contratos anteriores, nin se impedirá a contratación de persoal novo ou de reforzo.

Asemade un 60% do total de persoal contratado pola empresa terá un contrato estable.

### **D) READMISIÓN DE RUBÉN ANTELO RIAL**



O traballador Rubén Antelo Rial será readmitido a partir do 15 de novembro, nas mesmas condicións de conciliación familiar que disfrutaba no momento do seu despedimento.

### **F) HORAS EXTRAS PERSOAL DE MANTEMENTO**

O persoal de mantemento con contrato indefinido, cobrará as horas feitas fora da súa xornada laboral a 8 euros líquidos.

### **F) RELACIÓNS EMPRESA-TRABALLADORES**

Mediante a firma deste acordo, a parte social e a parte empresarial comprométense, durante a vixencia do mesmo, a solventar as desavenencias entre ambos, pola vía legal correspondente, evitando as accións reivindicativas: notas de prensa, carteis, panfletos ou outras actividades similares, excepto en casos excepcionais que afecten á perdas de emprego dos traballadores: regulación de emprego, peche das instalacións, rescate da concesión ou similares. Estes casos serán analisados en assemblea de traballadores, e as medidas a adoptar decididas na mesma.



A large, stylized handwritten signature in black ink.

## G) BONO PARA MATERIAL

Entregarase un bono de 120 euros para material aos instructores que leven máis de 6 mesesna empresa

Despois de proceder á votación da proposta presentada, o resultado foi o seguinte:

VOTOS A FAVOR 48

VOTOS EN CONTRA


ABSTENCIÓN 3

Nuls 2


E en proba de conformidade os delegados de persoal, e o xerente da empresa asinan este documento, na cidade, lugar, e data mencionados no comenzo do presente documento.



Francisco González Rodríguez



Montserrat Blanco Barreiro



Santiago Gestal Viqueira

